

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN CELEBRADA PARA A PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA XERAL, MANTEMENTO E SERVIZO DE CONTROL DE ACCESOS AO ESTADIO MUNICIPAL E CAMPO ANEXO DE RÍO SECO

Presidente: D. José M. Blanco Suárez, alcalde-presidente.

Vogais:

Dna. Pilar Suanzes Hyde, secretaria xeral accidental.

D. Manuel G. Antón Villamil, interventor accidental.

D. Rafael Flores Veiga, administrador-xerente do servizo de Deportes.

Dna. Natalia Hermida Rico, concelleira delegada de Deportes

Secretario: D. Ignacio Mazaira Garro, xefe da sección de Contratación.

Sendo as 14 horas do día 17 de outubro de 2014, réunese a Mesa de Contratación formada polos membros que enriba se expresan para proceder ao exame das propostas económicas das empresas que continúan na licitación, logo de que esta mesa, en sesión celebrada o 24 de setembro de 2014, non admitira a oferta presentada pola empresa Zonas Verdes Aníbal Soto SL por non incluír o desglose da cantidade da súa proposta, tal e como esixe o artigo 6.5 do prego de condicións técnicas.

Vistas as ofertas presentadas polas dúas empresas admitidas e que son:

Clece SA, que propón un prezo/hora de 19,52 euros IVE non incluído.

Limpiezas Manser SL, propón un prezo/hora de 20,75 euros IVE non incluído.

Esta Mesa procede á valoración das mesmas dacordo coa fórmula que recolle o prego de cláusulas administrativas no seu punto 10, resultando a seguinte puntuación:

Clece SA: 60 puntos

Limpiezas Manser SL: 32,18 puntos

Tendo en conta as propostas no seu conxunto, e segundo esta puntuación anterior e a outorgada pola sesión anterior desta Mesa para as referencias técnicas, ratificando o informe técnico emitido polo administrador-xerente do Padroado de Deportes, Rafael Flores Veiga, resulta a seguinte puntuación global:

Empresa	Puntuación técnica	Puntuación económica	Puntuación total
Clece SA	32	60	92
Limpiezas Manser SL	38	32,18	70,18



CONCELLO
DE NARÓN

Por todo o anterior, a Mesa de Contratación acorda propoñer ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de servizo denominado "Limpeza xeral, mantemento e servizo de control de accesos do estadio municipal e campo anexo de Río Seco" á empresa Clece SA.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as 14 horas e 15 minutos da data indicada no encabezamento, redactándose a presente acta, de cuxo contido eu o secretario dou fe, asinando comigo o Sr. Presidente.